

Do 17 ao 21 de xaneiro

DOSSIER INFORMATIVO

galicia

2018

(Fitur)



XUNTA
DE GALICIA



1

GALICIA SURFING

2

CLUB DA AUGA

3

ESCENARIOS AO VOLANTE

4

EXPERIENCIAS PARQUES NATURAIS


5

RUTA DOS FAROS DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

galicia



Galicia surfing

Converterase nun importante reclamo para diversificar e especializar a oferta turística galega fomentando o turismo deportivo en contacto co medio. Baixo esta marca incluiremos na rede de lugares de interese de Galicia as 100 praias aptas para o surf e tamén toda a súa contorna, reforzando a sinalización turística destes espazos. Tamén incorporaremos propostas de viaxe á Comunidade de ata 15 días para coñecer os recursos asociados ao mar e ao surf.

turismo.gal



Club da auga

Esta nova marca turística é unha iniciativa da que xa forman parte a Ruta dos Faros de Galicia, a Travesía Náutica Xacobeá, a Ruta do Miño e a oferta de balnearios galegos.

Permite percorrer a costa galega de faro en faro compartindo momentos cos profesionais do mar, baixar o río Miño de Parador en Parador, peregrinar a Santiago de Compostela en barco de vela, como tripulante ou pasaxeiro, ou relaxarse nalgún dos múltiples balnearios de Galicia.

clubdaauga.com



Escenarios ao volante

Porque Galicia é paisaxe, editamos unha publicación cunha escolma das 25 mellores rutas polo noso territorio (11 pola costa e 14 polo interior), así como unha selección de 50 miradoiros e 7 “olladas urbanas” ás nosas principais cidades. Nesta publicación propoñemos 25 rutas que percorren máis de 900 kms e atravesan 110 concellos. Itinerarios de costa e do interior para descubrir a Galicia azul e a Galicia verde que se transforma segundo as tempadas do ano.



Experiencias
nos parques
naturais

A Xunta de Galicia impulsa unha oferta de turismo sustentable e activo con preto de 20 experiencias nos seis parques naturais (Fragas do Eume, O Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra, Baixa Limia-Serra do Xurés, Monte Aloia e Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán) con rutas ornitolóxicas, fotográficas, sendeirismo, ciclismo, equitación, saídas en barco, kaiak, *paddle surf*, *paddleboard*, visitas a covas, aldeas, adegas...

turismo.gal



Ruta dos faros

É a nova proposta de *MarGalaica Turismo Mariñeiro* para sorprenden coas paisaxes da costa e mergullarse na cultura da Galicia mariñeira en contacto directo coas súas xentes. Desde Ribadeo, no límite con Asturias, a A Guarda, a beira do Miño e con Portugal á vista; as Rías Altas e as Rías Baixas; os grandes acantilados, as inmensas praias e as pequenas calas; as cidades e as vilas mariñeiras; portos pesqueiros e lonxas; e, por suposto... os faros.

rutadosfaros.gal

- **O son do Camiño.** Un programa de concertos con artistas internacionais no renovado Parque Monte do Gozo, en Santiago de Compostela, e noutras cidades servirá como prólogo musical ao cada vez máis próximo Xacobeo 2021
- Galicia celebrará en 2018 o **25º aniversario da declaración do Camiño Francés** como Patrimonio Mundial da Unesco
- Tamén conmemoraremos os 20 anos de **amizade entre a ruta xacobeana e o camiño Kumano Kodo** de Xapón
- Paquetes para **peregrinos con discapacidade** e para o **turismo sénior**



caminodesantiago.gal



XUNTA
DE GALICIA

galiciã

Coincidindo co **Ano Europeo do Patrimonio Cultural**, que se celebra en 2018, impulsaremos aínda máis o turismo cultural e o uso turístico sustentable dos nosos recursos.


En colaboración coas rexións que integran a **Macrorrexión de Rexións do Sudoeste Europeo (RESOE)**, Principado de Asturias, Castela e León, Cantabria, Norte e Centro de Portugal e Galicia, traballarase nun novo produto que tome como fío condutor o Camiño de Santiago e os numerosos Patrimonios Mundiais destes territorios.

Galicia terá un rol destacado nesta cita, pois lidera o grupo de traballo **NECSTOUR**, a Rede de Rexións Europeas para un turismo cultural sustentable e competitivo, que busca deseñar unha estratexia comunitaria neste eido para protexer, revalorizar e desfrutar este patrimonio.

Cíes-Illas Atlánticas



Ribeira Sacra



XUNTA
DE GALICIA

galicia

E ademais...

Trens turísticos de Galicia

- Nova edición deste programa que en 2017 tivo unha ocupación de máis do 86%

Minicruceiros costeiros polas rías de Galicia

- Navegar polas rías galegas será posible de xuño a novembro. En 2017 o fixeron máis de 2.000 persoas

Produtos de cabeceira marca Galicia

- Camiño de Santiago
- Bosques de Galicia
- Mananciais de Galicia
- Paseando entre viñedos
- Turismo mariñeiro
- Ruta das camelias
- Faros e praias salvaxes
- Patrimonio oculto
- Santuarios máxicos
- Top ten: dez lugares únicos



**XUNTA
DE GALICIA**

galicia

Galicia en cifras

11

Estrelas
Michelin

1.500

Kms de
Camiño de
Santiago

138

Festas de
Interese
Turístico

131

Bandeiras
azuis

300

Mananciais
termais

273

Q de
Calidade
Turística

6

Patrimonios
Mundiais

700

Bens de
Interese
Cultural



XUNTA
DE GALICIA

galici@

galicia

2018

Fitur



XUNTA
DE GALICIA